

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

WE
in the
WORLD

2013

NÓS NO MUNDO

INFORME ANUAL
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

Autonomías con valados nun mundo sen fronteiras



Autonomías con valados nun mundo sen fronteiras

DIRECCIÓN:

Xulio Ríos

EQUIPO COLABORADOR:

Xan L. Facal

Celso Cancela

David Reinero

Iago Martínez

María Xosé Porteiro

Luís Menéndez

Alvaro López Mira

Beatriz G. Loroño

Anselmo Seoane

Xosé Ramón Boán González

Daniel G. Palau

Victorino P. Prieto

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA:

Breogán Xuncal Pereira

ISSN:

1989-9149

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.

The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

Índice

- 4** **Presentación**
- 5** **Fronteiras para a acción exterior**
Xulio Ríos
- 8** **Galiza nos mercados comerciais externos**
Xan L. Facal
- 12** **Galicia e o dilema de Bruxelas**
Celso Cancela
- 15** **A sociedade reborda a atolada política eurorrexional**
David Reinero, Iago Martínez
- 18** **O anovamento xeracional na Galicia exterior**
María Xosé Porteiro
- 22** **Carencias da información internacional no declive do xornalismo. Alternativas desde a óptica galega**
Luís Menéndez
- 25** **O caso do Prestige e a diplomacia de desastres**
Alvaro López Mira
- 28** **O Gaiás, unha plataforma para internacionalizar a cultura**
Beatriz G. Loroño
- 30** **25 anos do Programa Erasmus**
Anselmo Seoane
- 33** **Galiza na lusofonía sindical**
Xosé Ramón Boán González
- 36** **Quince anos do Fondo Galego**
Daniel González Palau
- 38** **A acción exterior da Igrexa galega**
Victorino P. Prieto
- 41** **Autores/as**

Presentación

A acción exterior das autonomías segue no punto de mira. O anteproxecto de *Ley de Acción y Servicio Exterior* que promove o goberno central procura acoutar a súa dimensión, vitalidade e viabilidade acentuando unha mala lectura do seu desenvolvemento, en clave de desbalde e ata provocación, reivindicando para si mesma a competencia, o rigor e a coherencia. Todo parece indicar que esta tentativa non é allea a outras orientacións que pretenden baleirar de sentido o autogoberno.

En Galicia concrétase esta tendencia nun afrouxamento de todas as dimensións da proxección exterior que non garden unha estreita relación coa internacionalización económica ou a captación de fondos europeos. Indubidablemente, a crise fai que a economía pase a primeiro plano; non obstante, carece de sentido prescindir doutras dimensións comple-

mentarias que achegan tamén posibilidades de enriquecemento da acción internacional incluso no eido empresarial. Unha concepción así supón un retroceso e camiña no sentido contrario á formulación dunha política exterior do Estado e de Estado que sexa quen de asimilar o facer autonómico nesta materia.

Nesta edición 2013 do informe do IGADI sobre a acción exterior de Galicia queremos chamar a atención sobre este feito, pero tamén evidenciar a existencia dunha sociedade que asume sen complexos e como feito natural a prolongación exterior das súas accións. Facémolo, como sempre, dende a pluralidade e a libre exposición de argumentos, convencidos de que a cultura democrática esixe a convivencia da diversidade de pareceres, todos eles necesarios para abrir paso a ideas verdadeiramente construtivas.

O director

Xulio Ríos

Fronteiras para a acción exterior

A diplomacia é unha das políticas públicas que mais complexidade gañou nos últimos tempos esencialmente como consecuencia das enormes transformacións políticas e económicas que experimentou a sociedade internacional nas décadas pasadas, pero tamén a resultados dos cambios rexistrados internamente co proceso de democratización que se foi desenvolvendo de forma paralela no Estado español.

Fronte a esta evidencia, a resposta do servizo exterior central tense caracterizado pola impotencia e a incapacidade para instrumentar unha reforma capaz de integrar innovacións tan profundas poñendo coto aos corporativismos mais rancios e a unha diplomacia maiormente desacompasada en relación aos requirimentos do seu entorno. A defensa ou o poder xudicial, poñamos por caso, segmentos igualmente substanciais do Estado, con maior ou menor fortuna, acometeron cambios apreciables. Non obstante, e pese a intentalo varios ministros en diferentes ocasións, ninguén foi quen de levar un sopro de aire fresco a este servizo, só afectado colateralmente polo impulso autonómico, en certo sentido, renovador, que sen ánimo de aproveitar baleiro algún procuraba respostas á necesidade de estar presente no exterior sendo observado con desconfianza polo corpo xestor tradicional. En consecuencia, estruturalmente, o servizo exterior agravou as súas carencias co paso do tempo e nunca interiorizou a realidade autonómica do novo Estado (desenvolvendo mesmo unha actitude descualificadora respecto ao impulso exterior autonómico)

nin a súa dimensión exterior asimilou de xeito suficiente, especialmente na estrutura, os cambios producidos na situación internacional ata nun ámbito tan próximo como a Unión Europea.

Chegou o momento de superar tal eiva? Un anteproxecto de lei de acción exterior circula dende hai meses polos ministerios centrais (semella que non así polos departamentos de acción exterior das comunidades autónomas, que tamén debería). Do que transcende, o *leit motiv* que parece inspirar a citada iniciativa é o seguinte: coa principal escusa da crise e a necesidade de establecer criterios racionalizadores, o goberno central ansía impor un corpiño á acción exterior das Comunidades Autónomas. Estas deberan limitarse a ser comunidades cara dentro, pero non cara fóra. Pero, ata que punto esta política obedece a unha estratexia anticrise ou responde a imperativos doutra natureza? Con independencia da deriva soberanista catalá, esta é unha vella teima que non se explica unicamente polo afán de poñer trabas á internacionalización deste conflito.

O primeiro que cómpre dicir é que a obsesión pola redución de custes debería ser aplicada en primeiro lugar pola propia Administración central, racionalizando a estrutura das súas propias legacións físicas e do seu persoal. O que “suxire” para as CCAA non se aplica ao sobredimensionamento e hipertrofia que padece o servizo exterior do Estado en numerosos países, produto dunha realidade marcada pola inercia sumada á necesidade de atopar

destinos preferentes e ben retribuídos a altos funcionarios ou autoridades en vía de retiro da vida política mais activa. Antes de atreverse, ou cando menos en paralelo, a criticar o presunto desbalde das CCAA –que pode habelo en casos puntuais e non só neste ámbito-, o goberno central debera presentar un plan de racionalización das súas propias legacións no exterior e dos seus organigramas de persoal, agregadurías incluídas. Polo momento, predicar co exemplo non é unha das fortalezas do servizo diplomático central.

En segundo lugar, é importante admitir e recoñecer o dereito das CCAA a desenvolver unha acción exterior acorde ás súas necesidades. É unha cuestión de responsabilidade, non de xogar a ser un mini-Estado. Se unha empresa, unha universidade, un partido político ou un club de fútbol debe contar con relacións exteriores e unha estratexia nesta materia, unha CCAA tamén debe contar con instrumentos para xestionar os intereses exteriores da sociedade que representa e que tamén precisa estar no mundo. Debe contar para iso con mecanismos propios e tamén con posibilidades de desenvolverlos a través da acción exterior do propio Estado. Así mesmo, o Estado debe contar con instrumentos para xestionar certas políticas exteriores a través das CCAA. Esa retroalimentación e sinerxía reflicte unha auténtica vontade integradora, constrúe a complementariedade e senta bases reais para o exercicio da lealdade. Non se debera temer que redunde na potenciación dos nacionalismos, menos por parte daqueles que sempre se manifestaron tan entusiastas da idea de que “o nacionalismo cúrase viaxando”... Calquera outra percepción baseada no axioma de que o que se fai desde o centro é bo e correcto e o que se fai desde a periferia é contraproducente e incorrecto, equivale a unha

exacerbación maniquea do centralismo.

En terceiro lugar, carece de sentido reducir a acción exterior a unha política subsectorial ou diplomacia económica, especialmente no caso das nacionalidades históricas. Mesmo resulta totalmente insatisfactorio cando esta ponse, na práctica, ao servizo practicamente exclusivo das grandes empresas, o que supón unha interpretación reduccionista da diplomacia económica (as pequenas empresas representan máis do oitenta por cento do colectivo sectorial) e unha concesión explicable pola acción de quen mais capacidade ten para facer lobby ante os poderes públicos. Indubidablemente, a dimensión empresarial é esencial para favorecer a internacionalización do tecido produtivo e cómprelle apoio político. Non obstante, a cultura, a diáspora, etcétera., son variables a incorporar nesta dimensión evidenciando a transversabilidade dunha política que perde consistencia se non é integral nin arbitra recoñecementos específicos ás potencialidades dun determinado territorio.

Se a articulación e coordinación da acción exterior goberno central-CCAA redúcese a “convidar” ás oficinas de representación exterior a integrarse nas legacións diplomáticas do Estado e catro xestos consultivos adicionais, todos perderemos unha excelente oportunidade para transformar a diversidade interna nun activo que potencie a diplomacia do Estado no seu conxunto. Mesmo o traslado das citadas oficinas, tan publicitado por convenios asinados aquí e acolá, vai ser de difícil realización á vista da crónica precariedade e insuficiencia de moitas das representacións españolas no exterior. Todo pode quedar nun mero anuncio propagandístico sen efecto real algún, por moita anuencia e aplauso que reciba en virtude dunha estratexia de comunicación que contou co entusiasmo cego e ata censor dalgúns medios

empeñados en sinalar desbaldes descualificadores das políticas autonómicas.

Claro que todo este é un terreo ben doado para abrir camiño ás teses do goberno central, non soamente pola complicidade renunciadora das representacións partidarias maioritarias nas autonomías, senón mesmamente pola ausencia de visión no resto das forzas parlamentarias, nacionalistas ou non. Sería esta unha excelente oportunidade para evidenciar nacionalismos abertos ao mundo en contraposición a centralismos que erguen valados. Non era ao revés? Pero a paradiplomacia non está na axenda das oposicións: alguén propiciou ou pensa en propiciar un serio debate no parlamento galego sobre esta cuestión?...

Que o servizo exterior de España require unha reforma profunda é cousa sabida dende hai tempo en razón da complexidade desta acción e a diversificación actual dos intereses exteriores. Agora ben, esa redefinición errará

se asenta na imposición de fronteiras ás autonomías. Procede un esforzo por lograr a acomodación dos intereses de todos arbitrando complementariedades e lealdades, acordando estratexias e liñas de acción, equilibrando protagonismos en función das singularidades, ampliando os horizontes de formación e habilitando fórmulas de recoñecemento que enriquezan o servizo exterior no seu conxunto. Precísase máis coordinación, non negación; definición consensuada das prioridades e non imposicións, tutelas ou controis previos que emanen da desconfianza. A reclamada unidade da acción exterior é unha responsabilidade a construír entre todos, non un plan que transpira verticalidade e neocentralismo. O MAEC faría ben en manifestar mais sensibilidade coas autonomías e menos indulxencia cos intereses creados dos diferentes departamentos e corporativos que puxan por manter as súas teimas extemporáneas.

Xoán López Facal

Galiza nos mercados comerciais externos

Galiza é un actor activo nos mercados internacionais de bens e servizos non obstante a relativa modestia da súa economía. Contribúe a tal circunstancia o facto de contar con implantacións singulares de clara vocación internacional como a planta de procesado de alúmina na costa luguesa propiedade de Alcoa, a refinaría de Repsol na Coruña, a regasificadora Reganosa de Mugarodos, a central de Inditex en Arteixo, a planta de Ence en Pontevedra ou a PSA Citroën en Vigo.

Para a economía galega debemos considerar mercado externo todo mercado foráneo á comunidade a comezar por España, a seguir por Europa -que forma parte xa do noso mercado interior e, no caso da Zona euro, da área monetaria en que nos integramos- e finalmente todo o resto do mundo cada vez máis interconectado.

Faremos uso a tal das Táboas input-output de Galiza do 2008 para observar o grao de integración de Galiza nos tres espazos económicos aludidos.

Valor engadido	53.041.261	Consumo	47.332.198
Impostos indirectos	4.807.197	Investimento (FBC)	17.284.962
Importacións	36.024.613	Exportacións	29.255.911
Produción e importacións	93.873.071	Demanda final	93.873.071

O produto interior bruto, suma do valor engadido máis os impostos indirectos, sitúase nos 58 mil millóns de euros, mais o que nos interesa destacar agora son os fluxos de importación que nos vemos obrigados a practicar para atender parte dos insumos requiridos polas nosas empresas e de produtos foráneos demandados polos nosos demandantes finais e de exportación que

nos permiten financiar en certa medida esa dependencia de produtos e servizos externos. Observamos que a balanza é desequilibrada en favor das importacións e que o conxunto de intercambios externos supera amplamente a nosa capacidade de produción fixada en 58 mm de euros.

A procedencia dos referidos fluxos é, de acordo cos TIOGA 2008, a seguinte:

2008	Importacións	%	Exportacións	%
Resto de España	17.311.577	48,1	15.529.457	53,1
Unión Europea a 27	11.121.833	30,9	10.547.772	36,1
Resto do Mundo	7.591.203	21,1	3.178.682	10,9
Intercambios	36.024.613		29.255.911	

Destaca o facto de España ser a destinataria de mais da metade das nosas exportacións e a orixe de case a metade das importacións. Un dato típico de economías sub-estatais que é bo non perder nunca de vista.

Galiza forma parte dunha área económica e comercial privilexiada, a Unión Europea. A fortaleza do euro erosiona certamente a nosa capacidade exportadora nas outras áreas monetarias mais nos proveu de grande vantaxe nas importacións, por exemplo de petróleo ou gas maiormente regulados polo dólar.

Se incluímos a España, o espazo económico europeo UE 27 absorbía no ano 2008 o 89% das

nosas exportacións e emitía o 79% das nosas importacións. A diferenza de dez puntos porcentuais explícase en boa medida polas importacións enerxéticas de Repsol e Reganosa.

As Estatísticas do Comercio Internacional elaboradas pola Organización Mundial do Comercio, OMC, é a fonte de referencia para o coñecemento da estrutura e tendencias dos fluxos comerciais mundiais. Do cadro I.4, *Comercio intrarregional e interregional de mercadorías, 2011*⁽¹⁾, extraemos os datos que xustifican o seguinte cadro.

(1) http://www.wto.org/spanish/res_s/statis_s/its2012_s/its12_world_trade_dev_s.htm

Comercio intrarregional e interregional de mercadorías, 2011

Orixen das exportacións	Destino das exportacións								
	Europa	Asia	AN	OM	CEI	ACS	África	Mundo	
Miles de millóns de dólares									
Mundo	6.881	5.133	2.923	672	530	749	538	17.816	100
Europa	26,2	3,6	2,7	1,1	1,3	0,7	1,1	6.532	36,7
Asia	5,2	16,4	5,1	1,4	0,6	1,1	0,9	5.447	30,6
América Norte	2,1	2,7	6,2	0,4	0,1	1,1	0,2	2.278	12,8
Oriente Medio	0,9	3,7	0,6	0,6	0,0	0,1	0,2	1.089	6,1
CEI	2,3	0,7	0,2	0,1	0,9	0,1	0,1	770	4,3
América Centro e Sur	0,8	0,9	1,0	0,1	0,0	1,1	0,1	736	4,1
África	1,2	0,8	0,6	0,1	0,0	0,1	0,4	572	3,2
Mundo	38,6	28,8	16,4	3,8	3,0	4,2	3,0	100	

A **UE a 27** encabeza o comercio mundial (36,7% das exportacións e 38,6% das importacións mundiais), **Asia** (China, Xapón, India e tamén Australia e Nova Zelandia) seguen de cerca en importancia e, xa por debaixo, **América do Norte** (E.U.A, Canadá, México). Os países

produtores de petróleo do **Oriente Medio** e a **Comunidade de Estados Independentes** - antiga Unión Soviética- manteñen unha presenza máis discreta como tamén a **América Central e do Sur**. África, finalmente, marca o último lugar na distribución dos fluxos non obstante o con-

trapeso de Alxeria e Sudáfrica. Un facto a destacar é a *enorme magnitude do mercado interior europeo que concentra máis da cuarta parte do mercado internacional de bens e servizos*.

Interesa tamén destacar a dinámica que está a configurar o comercio internacional. Da mesma publicación extraemos a *evolución dos fluxos comerciais posteriores á Segunda Guerra Mundial*.

Exportacións de mercadorías	1948	1953	1963	1973	1983	1993	2003	2011
Mundo	59	84	157	579	1.838	3.676	7.377	17.816
	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
<i>América do Norte</i>	28,1	24,8	19,9	17,3	16,8	18,0	15,8	12,8
América Central e do Sur	11,3	9,7	6,4	4,3	4,4	3,0	3,0	4,2
<i>Europa</i>	35,1	39,4	47,8	50,9	43,5	45,4	45,9	37,1
CEI	-	-	-	-	-	1,5	2,6	4,4
África	7,3	6,5	5,7	4,8	4,5	2,5	2,4	3,3
Oriente Medio	2,0	2,7	3,2	4,1	6,8	3,5	4,1	7,0
<i>Asia</i>	14,0	13,4	12,5	14,9	19,1	26,1	26,2	31,1

O declive da influencia comercial das economías norteamericanas, o vigor das economías europeas e o crecemento explosivo das economías asiáticas son trazos vigorosos dos sesenta e catro anos transcorridos até o 2011.

¿Como distribúe Galiza os seus fluxos comerciais fóra de España? Recorreremos aos datos do 2010 para o que dispomos xa das contas económicas completas. O PIB neste ano foi de **57 mm**, inferior en mil millóns, como se observa, ao do ano 2008. As exportacións e importacións totais da nosa economía foron respectivamente **29,8** e **31,9** que mostran unha considerábel contracción das importacións, en liña co noso empobrecemento relativo. Nos mercados exteriores á economía española, as cifras alcanzadas por Galiza foron respectivamente **14,9** mm en exportacións e **13,7** en importacións. Observamos unha balanza comercial externa positiva nese ámbito que cabe

atribuír a unha maior *competitividade en prezos* da nosa oferta exportadora derivada da procura incesante de clientes por parte das empresas dada a calamitosa situación do mercado interior tanto galego como español.

Tentemos trazar finalmente un breve mapa da distribución do comercio exterior a España que ilustraremos, en aras á brevidade, co par de indicadores (**%X, %M**), simples proporción porcentual sobre os fluxos do 2010: (**14,9; 13,7**) mm euros.

Poucas cifras son precisas para describir o mapa de intercambios. A **UE 27** concentra máis das $\frac{3}{4}$ das exportacións e da metade das importacións: (**75,9; 53,7**); os fluxos concéntranse na **Zona Euro (68,7; 43,7)** e dentro desta nos nosos inevitábeis socios comerciais: **Francia (32,5; 18,5)** e **Portugal (15,2; 11,5)**.

Fóra de Europa, dúas áreas privilexian os nosos intercambios comerciais: a **OPEP** na cal

decidimos agregar **México (3,6; 15,4)** e a **América do Sur excepto México (4,3; 5,1)**.

O conxunto das áreas apuntadas suman o **(83,7; 74,2)** do noso comercio externo no 2010. Países como **Marrocos (2,7; 3,1)** e a **China (0,8;**

4,1) non só teñen importancia comercial crecente senón que comezan a proxectarse como socios a longo prazo de operacións de investimento empresarial que augura un bo futuro positivo.

Celso Cancela Outeda

Galicia e o dilema de Bruxelas

A crise que atravesamos a Unión Europea actúa como un furacán que nos desorienta. Este furacán está provocado polos debates políticos acerca de máis ou menos Europa, os enfrontamentos entre os estados norteños e sureños, entre acredores e os debedores, as medidas e reformas adoptadas para atallar os males derivados da incompleta unión monetaria, os rescates formais ou *de facto*, as numerosas xuntanzas celebradas entre éxitos e fracasos, o Tratado fiscal e o MEDE -limitadores de soberanías-, Merkel, Sarkozy, Hollande, Cameron ou a *Troika*,.... En suma, a percepción de que a Unión Europea é un proxecto sen rumbo definido e claro, ou, peor aínda que o seu destino está nas mans dun directorio de estados, semella ter aniñado entre a opinión pública. En termos politolóxicos, floreceu novamente o enfoque intergubernamental que concibe a Unión Europea como un coto reservado aos gobernos centrais estatais, un espazo no que só poden actuar os “grandes poderes”. A diferenza é notable co que aconteceu noutras etapas da integración europea (lembremos a década dos 90, por exemplo, e os debates arredor da subsidiariedade ou o rol das entidades rexionais e locais), os “pequenos poderes”, os máis próximos aos cidadáns e as súas necesidades, semellan ter perdido enteiros, semellan terse desvalorizado e cedido posicións; parece que deben xustificar a súa presenza nunha Unión que non soborda, precisamente, lexitimidade.

No ámbito estatal, ao fío das reformas “impostas por Bruxelas” e de formulacións político-ideolóxicas, ábrese camiño unha indisimulada recentralización interna da estrutura estatal

(sen alteración da letra constitucional). Nesa liña e en nome da pretendida fortaleza exterior do Estado e da racionalización e eficiencia do gasto, o Ministro de Asuntos Exteriores García-Margallo propuxo agrupar as representacións autonómicas no exterior nas embaixadas estatais. Diante de tal proposta e, como era de prever, dunha banda, os aliñamentos e lealdades partidistas e, doutra banda, a diferente importancia concedida á acción paradiplomática, en xeral, e da acción diante das institucións europeas, en particular, conduciu a uns gobernos autonómicos a aceptala acriticamente e a outros a reafirmarse na labor que realizan (tanto en Bruxelas como fóra da Unión). A recentralización interna fai reverdecer unha concepción do estado como o actor único no exterior e na Unión Europea na que, polo tanto, deben xogar os executivos estatais. A presenza dos gobernos autonómicos parece, polo tanto, prescindible. Paradoxicamente, mentres Madrid aproveita para centralizar no interior, amosa sometemento e submisión ante Bruxelas, cedendo o control sobre ámbitos e materias sen excesivo debate ou preocupación. Que liña seguen outros estados membros? Cal é o comportamento adoptado polas entidades rexionais dos restantes estados membros, especialmente, daqueles que non sofren a crise económico-financeira? Configuraranse tamén unha primeira e unha segunda división entre estas entidades?

Os factores europeos e estatais configuran un escenario pouco propicio para que un país como Galicia desenvolva unha actuación sólida e orientada á defensa e a promoción galega en Bruxelas (e na Unión en conxunto).

Tralas eleccións do 21 de outubro de 2012 e da configuración do segundo executivo de Núñez Feijóo, pode concluírse que a presenza de Galicia en Bruxelas, lonxe de reforzarse, debilitouse. Dunha banda, o organigrama da actual Xunta no tocante á presenza en Bruxelas continua a ser o mesmo que no seu primeiro goberno; a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea exerce como canle principal para o manexo da temática europea. Esta Dirección Xeral está encadrada na Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, departamento este cunha axenda marcada polas urxencias domésticas as cales, necesaria e inevitablemente, sobrepasan ás europeas. As relacións coa Unión Europea non recuperaron o *status* administrativo da etapa Fraga ou Touriño cando, organicamente, eran unha secretaría xeral. Politicamente, unha Dirección xeral non é instrumento suficiente para proporcionar centralidade política, ofrecer visibilidade á actividade nin para coordinar a acción das restantes consellerías nas materias con dimensión europea (que, por certo, son case todas). Ademais, a debilidade de medios humanos é manifesta. No organigrama da Dirección Xeral só figuran un Director xeral, un Subdirector xeral de relacións coa Unión Europea e unha Xefatura de servizo.

A situación da Fundación Galicia-Europa afonda nesta situación. Ao consultar a súa web observase que os medios humanos tamén son reducidos; segundo esta o persoal estable en Bruxelas compóñeno tres efectivos e tres licenciados en prácticas. Bótase en falla máis persoal estable, cun perfil técnico, que actúe como enlace nos eidos clave para os intereses galegos (pesca, fondos europeos, etc.) con Santiago e outros actores relevantes. Ademais, a Fundación Galicia-Europa está moi debilitada; algunhas entidades que integraban o seu padroado

abandonárono (Banco Pastor, Deputacións provinciais) e outras atravesan serias dificultades financeiras (Novagaliciabanco). A xulgar polos recursos e actuacións realizadas, o Goberno galego parece fiar case todo ao voluntarismo de aproximadamente media ducia de persoas.

Ao longo de 2012, as preocupacións galegas foron case monopolizadas polo mantemento de fondos europeos nas negociacións do Marco Financeiro Plurianual 2014-2020. Finalmente, Galicia será rexión de transición xunto outras 51 rexións da Unión e continuará a recibir fondos durante ese sexenio. Isto abona a estendida visión que reduce a Unión Europea a unha fonte de fondos. A Unión Europea é, por descontado, máis que iso; tamén implica decisións, obrigas, sancións, oportunidades, benestar,... O mantemento destes fondos (“rede de seguridade”) podería fundamentar a práctica desaparición de Galicia do panorama europeo ata a seguinte fase negociadora. Entón a acción europea do Goberno galego pode aparecer e desaparecer como o Guadiana. Previsiblemente, sen fondos a partir de 2020, significaría entón que Bruxelas xa non importa para Galicia?

En definitiva, resulta esta situación da ausencia de vontade política para definir e consolidar a presenza galega en Bruxelas? É produto da falta dunha clara concepción sobre a realidade europea ou da inexistencia de convicción sobre a importancia e relevancia da Unión Europea? A reflexión sobre estes interrogantes esixe considerar cal pode ser a futura evolución da Unión Europea e, singularmente, da Eurozona. Se xulgamos a partires das actuacións recentes (remisión dun detallado *Memorandum* dirixido a Portugal, as declaracións de líderes europeos como Draghi, propostas de unión fiscal, etc.), a unión política semella algo máis próximo que afastado, sen dúbida, implicará un aumento da

centralización das políticas económicas estatais. Nese escenario político que se albisca a presenza galega (e doutras entidades con capacidades políticas) faise máis necesaria; repregarse non ten sentido dando por sentado que o escenario que se aveciña pasa pola unión política. Cada vez máis o noso futuro e o dos nosos sectores

económicos clave xogarase en Bruxelas. Neste marco, aínda que o Goberno galego decida por nas mans de Madrid as relacións ascendentes (participación na toma de decisións) coa Unión Europea, esta acabará por implicar directamente ás entidades subestatais na fase descendente (implementación).

David Reinero e Iago Martínez

A sociedade reborda a atolada política eurorrexional

A ponte internacional sobre o Miño entre Tui e Valença construíuse a finais do século XIX en tan só tres anos, de 1881 a 1884. A súa maior reparación, en diversas fases e con técnicas do século XXI, vai xa para o mesmo tempo, tras a renovación dos seus taboleiros en 2010 e a consolidación dos piares iniciada a finais de 2011 e aínda non rematada. Como a ponte, a relación entre Galicia e o Norte de Portugal parece precisar unha reparación en profundidade dos seus piares, logo de varios anos sen o necesario mantemento político e apuntalada con dificultades pola sociedade civil.

Tras o momento político áxido que viviu a eurorrexión cos gobernos de Manuel Fraga e a indefinición na que se moveu o bipartito, a creación da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) estaba chamada a institucionalizar o traballo conxunto. Pero o seu nacemento coincidiu co agravamento da crise en Portugal e Galicia e coa conseguinte introspección dos respectivos gobernos, máis preocupados da situación económica interna que das relacións políticas externas.

A volubilidade do actual Goberno galego tampouco está a axudar: En 2010, ano no que se inicia a relación con Portugal do Executivo de Alberto Núñez Feijóo coa súa visita ao entón Primeiro Ministro socialista José Sócrates, apostouse pola relación directa co interlocutor estatal fronte ao proxecto transfronteirizo. En 2011 tanto a eurorrexión como Lisboa perderon importancia fronte á creación da denominada Macrorrexión RESOE (Rexións do Sudoeste Eu-

ropeo), na que se engadiu a Castela e León co obxectivo declarado de gañar peso en Bruxelas ante a inminente negociación do orzamento da Unión Europea para 2014-2020. Pero en 2012 nada se soubo nin da aposta da década pasada pola AECT, nin da de 2010 por falar directamente con Lisboa, nin da de 2011 por potenciar a macrorrexión como *lobby* ante Bruxelas.

No último ano nin se produciu o anunciado encontro entre Feijóo e o novo Primeiro Ministro portugués, o seu correligionario Pedro Passos Coelho, nin o recurso da Xunta á macrorrexión para abrirse paso en Bruxelas pasou do retórico. E na eurorrexión, un exemplo do estado de atonía política da AECT é a súa web, na que Carlos Lage segue a ser o presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N, a contraparte lusa da Xunta, de tipo administrativo e sen competencias políticas). Pero Lage foi substituído hai máis dun ano polo novo Goberno de Lisboa. A anécdota cuestiona a capacidade de reacción que deberá ter a AECT este 2013, en canto se aproben os xa atrasados orzamentos europeos, e sobre todo os regulamentos que os desenvolven, para preparar con rapidez os proxectos eurorrexionais concretos que queiran optar aos cada vez máis cativos fondos comunitarios 2014-2020.

Nesta situación de esquecemento de Portugal por parte do Goberno galego e de Galicia por parte do Porto e Lisboa, en 2011 comezou a percibirse un cambio que en 2012 se espallou por diversas facianas da eurorrexión. A falta de

políticos que canalicen as reclamacións da cidadanía, a sociedade civil busca os seus propios camiños.

Porén, esta última afirmación precisa matices. Porque foi unha sociedade civil bastante institucionalizada a que primeiro reclamou un maior protagonismo nas relacións transfronteirizas. Pouco de sociedade civil ten o Eixo Atlántico, club de cidades especialmente activo desde 2010 na loita contra as peaxes en autovías implantadas en Portugal. Esa aínda non resolta crise política –van alá dous anos de abandono de responsabilidades– permitiu que, da man do Eixo Atlántico, as patronais de ambas as dúas beiras do Miño ocupasen tamén parte do espazo de proxección pública da eurorrexión deixado polos gobernos galego e portugués. Aberta a veda, no último ano foron numerosos os colectivos que tentaron facer escoitar a súa voz ante a falta de canles institucionais. Así, co apoio máis técnico que político da AECT, presentáronse iniciativas conxuntas de profesionais ou empresarios de Galicia e o Norte de Portugal en eidos como o transporte, o turismo ou a hostalería.

Resulta ben máis difícil medir a interacción dos movementos sociais de base. Sería lícito pensar que as protestas da *geração à rasca* que acadaron o seu máximo volume en marzo de 2011 en Lisboa inspiraron inmediatamente despois as do 15-M en España. Pero a vaga mundial de protesta antisistema fai pensar que, máis alá de onde se producise o primeiro abrocho, as condicións estaban creadas en numerosos países para que a insatisfacción se estendese con independencia de que a inspiración chegase de Lisboa ou Bengasi e os motivos derivasen da opresión política ou da económica. Por iso resultaría complexo establecer se a relación entre as protestas de Portugal e España en xeral, e Galicia en particular, é de simple mimetismo,

se houbo interacción real entre os movementos e se a segue a haber logo de que durante 2012 evolucionaron cara diversos enfoques, mesmo dentro de cada Estado.

Pero máis alá de que o movemento teña nome e orixe, o seguro é que a cidadanía está a moverse. Protestas contra as taxas sanitarias de Portugal que ameazan con rebordar os centros de saúde galegos. Mobilizacións contra as peaxes e en defensa do tren Vigo-Porto. Pais que queren matricular aos fillos en escolas ao outro lado do Miño porque pechan as que tiñan xunto ás súas casas. Pescadores artesanais dunha banda que se organizan para obter o que xa teñen veciños da outra beira que traballan nas mesmas augas. Mesmo as cada vez máis habituais recollidas transfronteirizas de tapóns plásticos para apoiar a nenos con enfermidades raras evidencian que a sociedade da eurorrexión xa non espera polos seus políticos.

O campo da cultura reproduce máis unha vez, e sen apenas distorsión, as lóxicas operantes a outros niveis: nun contexto de indiferenza análogo ao que ten que ver coa Consellaría de Educación e o ensino da lingua portuguesa –o mantra do plurilingüismo, polo que se ve, exclúe a lusofonía– detéctanse redes transfronteirizas, xaora, pero son pequenas, están dispersas, funcionan case exclusivamente nos ámbitos da microempresa e o terceiro sector e, o que é máis importante, son decote dunha soa dirección. Dito doutro xeito, Porto funciona de facto como un polo de atracción cultural, tanto para o público como para os axentes na procura de alianzas conxunturais, pero non existe aínda unha política pública ao respecto.

A música ao vivo ofrece unha metáfora solvente. O sector dispárase no eixe Porto-Guimarães, con dotacións da envergadura da Casa da Música ou o Centro Cultural Vila Flor

—entre outras moitas, tamén espazos de explotación privada— e desembarcos como o da franquía catalá do Primavera Sound, mentres Galicia estraga outra oportunidade histórica. Achega público, claro, o que demostra a operatividade da rexión, pero renuncia a calquera aposta estratéxica similar —Vigo, por caso, está cada vez máis lonxe de poñer en valor a súa relación coa música popular contemporánea— e desaproveita un contexto de oportunidade que podería terse rendibilizado de modos diversos: programacións paralelas, multiplicación de sedes, comisariados, proxección exterior baixo un paraugas institucional, etc.

Tampouco a capitalidade cultural europea de Guimarães en 2012 mudou as dinámicas. Máis ben ao contrario. A ausencia de Galicia no deseño de actividades, non así na circulación de públicos, ilustra o paradoxo das relacións cultu-

rais na eurorrexión. Mentres ambas cinematografías se dan as costas —con excepcións como o CGAI, na Coruña, activo poro transfronteirizo— o cineasta portugués João Pedro Rodrigues atravesou a raia para filmar unha peza encargada pola organización dos fastos da capitalidade cultural europea ante a indiferenza xeral en Galicia, tanto da Administración cultural —en proceso de desmantelamento dende o comezo da lexislatura— como dos medios de comunicación. Severa ironía, porque *Castíng*, título provisional da peza, unha exploración do mito do corpo do primeiro soberano luso, viaxa atrás da lingua máis semellante á que se falaba cando Afonso Henriques vivía.

A sociedade, en definitiva, parece querer apuntalar en silencio esas pontes eurorrexionais que coa crise os políticos obviaron, esquecendo que é máis barato manter que reparar.

María Xosé Porteiro

O anovamento xeracional na Galicia exterior

Adoitaba dicir don Paco del Riego que convén reler aos “clásicos”. Velaí, pois, o pensamento de Curros cando dicía que *“se o que fai a colonia aresá en Cuba, en beneficio da instrución na pintoresca aldeíña que todos os seus fillos levan na alma, o fixesen as das infinitas localidades de Galicia que andan dispersas polas cinco partes do mundo, a nosa pequena patria nada tería que envexar en cultura aos Estados máis prósperos”*.

A Diáspora, entendida como a eiva dunha emigración por todo o mundo converteuse, co paso dos séculos nunha grande e pouco estudada fortaleza para Galicia de cara á súa influencia e peso no exterior e ao seu propio desenvolvemento endógeno.

Durante un século (½ XIX a ½ XX) saíron de Galicia máis dun millón de persoas que se dirixiron cara a América e, máis tardiamente, a Centroeuropa. As causas están abondo estudadas e teñen a ver co sistema foral da propiedade da terra, dereito civil que expulsaba aos que non foran primoxénitos, superpoboación, recrutamento para as guerras do Imperio, períodos de fame. A chegada dos camiños de ferro ata os portos de Coruña e Vigo viu tamén facilitar a saída desde o interior. Barreiras orográficas cara o resto de España e Europa fóronse superando no primeiro terzo do século XX, e a independencia das ex colonias presentábase como unha grande oportunidade.

Cumpríronse en 2010 o bicentenario de Arxentina, Chile, Uruguai, Venezuela... (Cuba e Filipinas independizáronse a finais do XIX). Nesa

inxente maré humana fóronse tamén moitos progresistas que levaban con eles a semente do galeguismo (romanticismo nacionalista: Himno, Bandeira, Escudo). Logo, chegou o exilio producido tras a Guerra Civil que seguiu ao golpe de Estado para derrubar a II República.

Foron razóns favorables para isto e para a extensión por todo o continente centro e suramericano a comprensión das linguas española e portuguesa. Como tamén influíu a reconversión das “mafias” de tráfico de persoas, herdeiras dos traficantes de escravos, en tempo da abolición da escravitude para cubrir a necesidade de man de obra sen cualificar e barata. No caso das migracións dos anos cincuenta e sesenta cara a Europa se atendía ao reclamo do desenvolvemento económico da reconstrución despois da Segunda Guerra Mundial.

As consecuencias foron, basicamente o efecto “chamada” dos veciños e coñecidos que explica as vagas desde concellos e que da lugar ao asociacionismo local. A falla de estrutura familiar como soporte, favorece que xurdan asociacións de axuda mutua que derivan en moitos casos en substitutos do que o Estado español non era quen de ofrecer: educación, sanidade, ocio. Reversión cara aos lugares de orixe de remesas de cartos cos que construír Escolas cunha dobre intención: que os que emigraran non fosen analfabetos, e instruír aos que quedaban para lles dar oportunidade de medrar. Unha preservación –as veces limitando coa mitificación– dos costumes e valores culturais da terra que deixaron atrás, que transmitiron

ás xeracións posteriores, como un legado de grande valor en territorios onde “todos” viñeran dalgún lugar de Europa e se reivindicaba a identidade como unha diferenza positiva.

Foise consolidando a imaxe do galego como unha persoa enormemente traballadora pero inculta e desconfiada, que se refuxiaba nos círculos dos emigrantes e tardou en integrarse nas primeiras xeracións. A iso contribuíu a imaxe dunha España que pasou de ser un “Imperio” a un país asolado por pésimos gobernos, unha guerra civil, unha posguerra e unha ditadura sen apoio no exterior, e que illou ao país. Como consecuencia, as segundas xeracións “esqueceron” -ou mesmo renegaron da galegitude- para poder integrarse sen ser rexeitados. A raíz da guerra civil houbo unha importante vaga de exiliados ben formados e comprometidos coa república e co galeguismo que puideron seguir defendendo os seus ideais nos países de acollida. É o caso de Castelao, por citar só a cimeira.

O cambio xeracional

Como consecuencia do declive no desenvolvemento dos países de acollida, os emigrantes deixaron de ser “rendíbeis” para Galicia e co envellecemento natural e progresivo das primeiras xeracións, foron sendo obxectivo de políticas sociais como as pensións, a axuda sanitaria, etcétera., que en algúns sectores da poboación de aquí se viu como unha carga sobre os contribuíntes. O mal uso que os partidos políticos deron ao dereito ao voto que se lles recoñeceu, aumentou esta mala imaxe.

Co paso do tempo e o desenvolvemento de España e Galicia, reverdeceron os vencellos dos máis novos que adoptaron, sen complexos, os costumes tradicionais, estudaron o galego, aprenderon a música e o baile dos avós, e

“viron” por si mesmos ao país a traveso dos novos medios de comunicación: TVE e TVG nas canles internacionais, Internet, e tiveron maior facilidade para os desprazamentos e visitas pola democratización dos medios de transporte transoceánico. A globalización fixo que desde os sectores económicos e investidores volveuse a ollada cara a América onde se buscaron oportunidades de negocio logo da privatización de importantes servizos, o cal fixo que unha nova vaga de “expatriados” de empresas fixase a súa residencia alí, sumándose á poboación que o fixera historicamente, e sobre todo, aos descendentes. A eles súmanse agora lexións de mozos e mozas con excelente formación pero sen oportunidade de traballo, máis unha vez, no seu país.

Ese “rexuvenecemento” da cidadanía no exterior fixo mudar o rol dos que viñeron de familias que en orixe foron emigrantes pero dos que quedan xa moi poucos e xa moi maiores, para poñer o acento nos máis novos, xente que ten a cidadanía arxentina, uruguaia, brasileira... pero que manteñen un forte vencello emocional con Galicia. Son “galegos conscientes”, voluntarios, na procura dunha identidade que comparten coa do lugar onde naceron. Son, polo xeral, persoas que superaron as circunstancias difíciles que pasaron os seus devanceiros, e que polo sacrificio que estes fixeron, puideron estudar e desenvolverse. Hai moitísimos empresarios, artistas, investigadores, docentes, profesionais, e traballadores de toda índole, en todo o territorio americano, que levan con orgullo o seu sentimento de galegitude.

Son cidadáns “de alá” pero tamén “de acá”. En algúns casos manteñen a nacionalidade española, pero non necesariamente. Séntense cidadáns comprometidos e queren “facer” algo por Galicia, non ser suxeitos pasivos de políticas

que procuran só o voto. Cidadáns con dereitos, pero tamén con deberes.

Galicia ten o valor engadido de ser un país europeo, algo que xera grande curiosidade e adhesión na América Latina pola identificación desta parte do mundo cos valores da Democracia, o Estado do benestar e as liberdades. Existe, ademais, un grande interese polo proceso de construción da UE e en todo o continente se dan diferentes experiencias de integración rexional, entre as que a máis coñecida é a do Mercosur.

Non teñen estruturas acordes con esta nova situación. Desde os gobernos se comeza a ter en conta ao colectivo empresarial fomentando as asociacións de empresarios no exterior, pero sen conseguir xerar unha dinámica de “ida e volta”. Os nosos descendentes son cidadáns que importan aos gobernos dos países nos que viven. Contan, politicamente falando, consúmen, xeran opinión, constrúen aquelas sociedades, e son –ao mesmo tempo– embaixadores e imaxe de nós.

As vellas estruturas das colectividadeas que manteñan vivas as asociacións creadas nos primeiros tempos, non ofrecen alternativas ilusionantes para estas xeracións máis novas que están creando as súas propias e das que aquí temos escasa noticia porque “non as vemos”, afeitos como estamos a entender a visibilidade da diáspora en clave dos Centros ou Casas, primixenias. Os máis novos non están interesados en ser o relevo dunha clase dirixente envellecida e estancada noutro tempo, sen que iso signifique o desleixo, pero teñen a necesidade de crear as súas propias estruturas para dar resposta aos problemas de persoas que están a construír unha dupla, ou as veces, tripla, cidadanía, nados noutros países pero intelectual e afectivamente moi aferrados a Galicia con

orgullo e ilusión. Está nacente, ou xa naceu, unha cidadanía internacionalizada nun mundo globalizado.

Novo capital humano

Se Galicia fose quen de identificar a toda esa grande masa de persoas, e lles ofrecese a posibilidade de construír, tamén desde a distancia física, pero desde o enlace emocional e o talento e intelixencia que puideron desenvolver no exterior, veríase ante un impresionante capital humano que ningún outro país posúe. Si o teñen irlandeses, italianos e xudeus, pero un país de menos de tres millóns de habitantes, que chegou a ter un nivel de renda per cápita equiparable ao dos países desenvolvidos de Europa hai menos de dez anos aínda e que ten retos pendentes tan notables coma o noso, é un caso único no mundo.

O mapa de Galicia faise tan extenso como foi no seu día o mapa da Diáspora. Ten un peso inmenso no cono sur de América: Arxentina, Uruguai, Brasil, Venezuela... pero tamén en América Central e o Caribe: México, Cuba. Se ollamos cara todo o mapamundi, atopámonos en Estados Unidos, toda Europa, África, e Australia. Desde México ata a Patagonia, un galego móvese comodamente nun territorio no que se entende nas dúas linguas máis importantes: español e galego. O bilingüismo é, daquela, unha oportunidade que hai que recoñecer e valorar.

A crise económica está a facer que moitos empresarios de mediano tamaño fagan, como hai unha década fixeron os máis grandes, o intento de atopar negocio en aquela parte do mundo, onde os niveis de crecemento son espectaculares e que non están a sufrir os efectos da desfeita financeira e de emprego que vivimos en Europa e EEUU. Por outra banda, hai estudos que indican que, nun futuro máis ou

menos próximo, volverán a desprazarse desde o hemisferio norte ata o sur, grandes continxentes de poboación á procura de mellores condicións climáticas.

Espazo iberoamericano

Galicia, que é a perfecta metonimia do concepto ibérico: España e Portugal máis os países da América hispano-portuguesa, pode xogar un papel protagonista na aposta polo desenvolvemento propio, da man do progreso para unha terra que nos é tan familiar e querida. Temos que tomar conciencia da nosa oportunidade para traballar nun territorio extenso, sen localismos nin fronteiras pequenas, pensando nunha Galicia estendida que ten moitos fillos e fillas (netos, e netas) espallados. Temos, e debemos, xogar un papel de interlocución, iniciativa e influencia ante Europa á hora de abordar as relacións con América Latina e a creación dun espazo iberoamericano que transcenda a teoría e camiñe cara a unha cidadanía común.

Hai que actuar axiña porque o taboleiro se move extraordinariamente rápido. China, desde Asia, ou Alemaña e Francia desde Europa, xogan moi forte. EEUU semella desconcertado ante o seu sur e está inmerso na cuestión da forte inmigración que converte ao español na segunda lingua naquel país, e sen saber como relacionarse coa nova realidade política onde a esquerda governa en moitos lugares e aplica novas receitas contrarias aos intereses históricos de Norteamérica na rexión.

A comunicación xogará un papel fundamental neste novo escenario. As empresas e institucións que se preocupen por investigar

aquela realidade e conectar cos recursos humanos e emocionais que alí temos e que sexan quen de alimentar as razóns para manter eses vencellos cara ao futuro, crearán unha oportunidade extraordinaria. Experiencias como a do Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires, merecen unha reflexión e unha aposta decidida. Nenos e nenas de orixe coreana, paraguaia, arxentina, algúns con antecedentes galegos pero non necesariamente, estudan segundo os plans educativos de Arxentina e de Galicia, simultaneando o español, o galego e o inglés. É un dos centros máis prestixiosos daquel país, e os seus alumnos, descendentes de galegos ou non, saen “fidelizados” cara a nós, coñecen, aman e difunden a nosa cultura, a nosa historia, a nosa economía... reciben a Manuel Rivas, a Suso de Toro, as cantareiras de Leilía ou a Rosa Cedrón, nas actividades culturais que organizan, e falan galego con acento arxentino. Sería moi desexable que as Universidades estendesen o seu traballo cada vez máis naquela dirección (Boloña ten unha delegación en Bos Aires).

Noutra ocasión falaremos de propostas viables e non custosas para consolidar unha relación de ida e volta, fraternal, proveitosa e duradeira, con ou sen axuda dos gobernos de turno.

Existe no ceo, nalgún lugar da Vía Láctea, un “meeting point” entre a Estrela Polar que indica o Norte na nosa finis terrae, e a Cruz do Sur, que nos sitúa como “en casa” a 12.000 km. de aquí, no finis terrae do Novo Mundo. Como dixera Benedetti en Noción de Patria: “...e cando miro ao ceo/ vexo acá as miñas nubes/ e alá a miña Cruz do Sur/ O meu arredor son os ollos de todos / e non me sinto á marxe...”

Luís Menéndez

Carencias da información internacional no declive do xornalismo. Alternativas desde a óptica galega

Non só aquí. Frecuentemente, pertencer nun medio de comunicación á sección de “inter” é pouco menos que vivir no ostracismo, no lugar máis afastado da redacción, condenado ó esquecemento ou á máis aburrida rutina do seguimento conflictivo mundial, que contan con maior ou menor detalle descritivo as axencias de noticias. Un veterano xornalista, curtido en mil guerras e que goza agora dun merecido aínda que temperán retiro, dicíame non hai moito que os de “inter” eran coma os ananos da tribo, case asimilables –aínda que non tanto- ós “cultus”. Sabían, de seu, que se non tiñan por riba de cincuenta vítimas a súa nova non saían nos titulares. Primaba, e segue primando, a información política, económica, social, “de proximidade” nunha verba. A guía do seguimento internacional tiña dous vectores principais: os conflitos -canto máis cruentos mellor-, e as visitas de mandatarios a países estranxeiros. Total: unha riola de afastadas crónicas de sucesos normalmente catastróficos (*tsunamis*, tremores de terra, naufraxios masivos, asasinatos esterrecedores, ataques terroristas, etc...) ou o permanente suceder de “beixamáns” e xuntanzas en garabatas de políticos viaxeiros.

Dicía un gran mestre –que haber hainos- da Facultade de Xornalismo (UCM) que o grao de desenvolvemento dun país intúese inmediatamente pola fasquía dos seus medios de comunicación. E puña precisamente como exemplos

a importancia que se lles outorga ás seccións de Internacional e de Cultura. De sempre os seus alumnos estudabamos o caso francés, modelo para seguir aínda hoxe, *malgré tout*.. Moito antes dos tempos mornos da “homo-globalización” en que todos dependemos de todos, os xornais de París reservaban sempre moito espazo para a información exterior. Ben certo tamén é que focalizando de máis nas áreas de interese francófono. Pero tal é así que o lector francés, ou mais ben parisiense, sempre estivo próximo ó que sucedía alén das súas fronteiras pois tiña acceso ós moi diferentes mundos informativos que existen no planeta. Quere dicir que había demanda. A calidade e diversidade xornalística fai que o cidadán francés teña unha moito máis alta capacidade de análise comparativa e de discernimento intelectual ca o resto dos europeos, con quizais a excepción nórdica -que non alemá- tamén moi alentadora.

Pero a crise petou en todas as portas. Tamén para os veciños do norte. Como se se tratase dun desafiuzamento, France Press, a mítica e referencial axencia gala de noticias, botou das súas moradas a moitos correspondentes que tiña espallados polo mundo adiante deixando enormes baleiros informativos ata agora moi dignamente “cubertos”, como o Magreb, onde eran hexemónicos. Pero os recortes pasaron tamén factura mesmo noutras “compañías bandeira” dos medios de comunicación audio-

visuais europeos: BBC World, RAI, ORTF, RTBF, Euronews, RTP-I, TVE....

A información internacional segue a ser subministrada máis que nunca por axencias plenipotenciarias como a norteamericana Associated Press (AP) ou a británica Reuters que reforzaron as súas seccións audiovisual e dixital, soporte e apoio necesario ó xornalismo tradicional da prensa de papel que aínda resiste. Quizais para os europeos Reuters é a axencia mundial mais utilizada para a achega de novas de todo o mundo, abrangendo cada vez máis os ocos que están deixando outras, como o caso mencionado de France Press no Magreb, ou as carencias que hoxe padece a axencia EFE española no seu tradicional “feudo” da América hispanofalante, ou a debilitada LUSA no mundo da lusofonía.

Ó final, pola barata, tírase da opinión. Sempre a carón da relativamente fiable información traducida e enviada con óptica maiormente *anglófila*. Por iso quizais este sexa un tempo emerxente para os especialistas, coñecedores dos lugares de onde proceden as noticias pero que, nesta ocasión, elaborarán tranquilamente desde os seus fogares e non como antes, *in situ*, o pé da noticia. Ese fato de xornalistas “de valor”, sabedoría pura do acontecer, son tal vez a máis fiable residencia para a comprensión dos conflitos, desde as súas columnas de opinión dos xornais ou coa súas esporádicas participacións nos espazos de radio ou televisión.

Problemas dos cartos, dos malditos cartos. ¿Hai de veras unha necesidade de demanda de información internacional? Para a maioría dos editores non. A crise demanda máis información próxima, din, relativa á economía doméstica, ó trasfegar diario. O que pasa lonxe, lonxe está. Pero mesmo para os públicos máis especializados semella pasar desapercibida

esta desfeita da calidade informativa internacional. ¿Era pensable tan só hai dous anos que a recoñecida *Grey Lady* (NYT) despedise a 330 xornalistas nos últimos dous anos dun cadro de persoal *xornalístico* próximo ós 1.200? ¿Era pensable hai dous anos que a BBC suprimise 32 servizos exteriores noutras linguas caso das balcánicas, caribeñas e mesmo o servizo en portugués para África e mandase a rúa a 660 xornalistas? ¿Como en España pode un diario como El País despedir 129 xornalistas, entre eles importantísimas sinaturas da historia do xornalismo español e correspondentes de prestixio? A conta de resultados –din-, a caída de ingresos publicitarios –aseguran-, a falla de apoio oficial –reclaman-, e mentres tanto a sociedade democrática avanza cara atrás, sen amplitudes informativas, sen referentes que enmarquen un estado de opinión para entender mellor as cousas, sen a pulsión comparativa do que sucede noutros países.

Desde o recanto europeo en que vivimos o binomio distancia-proximidade conta dábondo xunto á proverbial falla de demanda, agás en grupos ou sectores de opinión moi minoritarios. Aquí todo chega tarde, para ben ou para mal. Por desgraza mais para o segundo que para o primeiro. Na prensa xeneralista galega diaria (11 cabeceiras, e baixando, para unha media que non chega a 400.000 lectores/día dunha poboación próxima ós 2.800.000 habitantes), se exceptuamos un caso, o resto dos xornais dan acubillo á información internacional baixo os dous parámetros apuntados ó principio deste artigo. Se acaso hai algún contraste -raro e moi puntual-, e cando nos chega a opinión dun experto, xa que non dun correspondente que nin hai, nin se agarda por el. O correspondente no estranxeiro semella xa unha especie en extinción (*Ver “*Periodistas-FAPE*”

nº30. Oct-2012). Como moito, cando o acontecemento o merece, o redactor xefe de quenda manda un “enviado especial” que, normalmente aterra no lugar coma un “paracaidista” e comeza a entender algo cando xa ten que coller o avión de volta.

En Galicia, desde hai anos púxose “de moda” solicitar a opinión dos galegos que habitan no lugar da noticia. Idea loable. Establecida a idea desde hai moito tempo (1987) en medios como a TVG cando daquela comezou a amosar atención pola diáspora alén de intereses político-electorais ou a lle dar pulo a simples aventuriñas viaxeiras de xornalistas acelerados e superficiais. Algo moi propio nas series de hoxe en día. Con todo, aproveitar a opinión dos nosos paisanos polo mundo é moi bo de aplicar pero precísase escoller a persoa axeitada no momento oportuno. Hai que ter axenda e saber dar co interlocutor máis válido que, por

suposto, hainos e de gran calidade para o que sexa mester. Endexamais esqueceréi cando un –amigo por máis- de Ribeira narraba en directo para a Radio Galega desde o “balcón” neiorquino de Newark a caída das Torres Xemelgas de Manhattan, en 2001.

E aquí quería chegar. Se estamos no ocaso da prensa escrita, se é moi caro facer información internacional, se xa non hai axencias fiables nin correspondentes con rigor e coñecemento de causa..... ¡quédanos a radio! Un programa na radio dirixido á audiencia galega tería varios “ases” a considerar: Actualidade (o tema do día no mundo), Acción (conexións internacionais), Análise (reflexións que nos atinxen), Analoxías (situacións multiculturais), Aperturas (paso a outras linguaxes) e Autenticidade (diáspora galega). Podería amais de servir como *try-out* para televisión e ser unha solución, como diría outro: Boa, bonita e barata.

Álvaro X. López Mira

O caso do Prestige e a diplomacia de desastres

O fenómeno da mundialización está propiciando o nacemento de novos conceptos que incorporar ao acervo das relacións internacionais, entendendo internacional nun sentido amplo de redes na contextura globalizadora e non como simples tratos entre Estados-nación plenamente investidos de decimonónicas soberanías a ultranza. No século XXI falamos dunha economía mundializada (xa non só internacionalizada), dunha sociedade mundial cunha opinión pública global e, consecuentemente, duns problemas que, estando xeograficamente localizados, son incorporados e difundidos por redes de variopinta índole mundializadora que propician que moitas persoas dese ecúmene global os interioricen como propios aínda que non sexan para nada *nacionais*, é dicir, intra-fronteirizos.

Neste contexto é no que se leva xa algún tempo falando da **diplomacia dos desastres** para referirse ao carácter trasnacional da xestión de desastres que pode contribuír non só a mellorar a resposta colaborativa para mitigar con maior eficacia as catástrofes de diversa índole, naturais ou provocadas polo home (non sempre facilmente deslindables), senón tamén a futura prevención das mesmas e incluso aproveitálas, *a posteriori*, para fomentar o desenvolvemento socioeconómico da zona afectada pola desfeita.

Existen, de feito, protocolos formalizados como tratados internacionais deste tipo de diplomacia como, por poñer un exemplo, a “Convención interamericana para facilitar a

asistencia en casos de desastre” no marco da OEA ou tamén numerosos programas da propia ONU, amais da existencia dende 1999 da UNISDR (a oficina da ONU para a redución dos riscos de desastre, aínda que referida a calamidades naturais e, sobre todo, orientada a onde máis consecuencias trxicas teñen, é dicir, en países en desenvolvemento) ou de organizacións internacionais tan relevantes como a Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella, redes da sociedade civil como a *Global Network of Civil Society Organizations for Disaster Reduction* e ata, dende 1989, hai un día internacional para a redución dos desastres naturais.

Focalizando a nosa atención en UNISDR, cabe observar a importancia que, na diplomacia dos desastres, teñen a coordinación entre institucións, axencias, actores públicos e privados en xeral implicados en temas de prevención e atenuación de catástrofes, globais, estatais ou rexionais para canalizar todos os recursos de calquera caste (humanos, económicos, etc.) que se poden acumular no momento que se producen xa que, como advirte o “Programa de Preparativos para situacións de emerxencia e coordinación do socorro en casos de desastre” da Organización Panamericana de Saúde da OMS, grazas ás comunicacións actuais as novas chegan á comunidade internacional en minutos e as axudas téñense mobilizado en cuestión de horas, pero se este caudal de asistencia inmediata non se corresponde coas necesidades reais dos afectados e os doantes teñen unha visión equivocada das mesmas, a axuda pode

converterse rapidamente nunha carga. Algo de este estilo aconteceu co grande terremoto de Haití pero tamén no caso do *Prestige* cando se produciu o caos na organización da avalancha de voluntarios ou porque non existían os máis mínimos consellos sanitarios para manipular o chapapote por parte daqueles, o que puido aumentar os efectos derivados da catástrofe ecolóxica e engadir novos problemas por exemplo no ámbito sanitario (lémbrese tamén o caso das tráxicas secuelas sufridas polos primeiros en prestar auxilio no 11-S). Nun contexto de recursos cada vez máis escasos e cun mundo tamén cada día máis exposto a sufrir desastres (incremento da poboación en zonas de recursos naturais xa minguados, maior incidencia dos efectos do cambio climático, etc.), a necesidade de establecer uns protocolos efectivos que bebán de experiencias previas non precisa demasiados argumentos.

Se a xestión da crise do *Prestige* foi un modelo do que non se debía facer, máxime visto o resultado finalmente acaecido, dende o eido que abordamos nesta reflexión as conclusións da análise non poden ser moi diferentes, xa que as autoridades negaron incluso ata a denominación de *catástrofe*, substituída por múltiples eufemismos (característica histórica altamente nociva da cultura política española que segue presente nela). Malia todas as experiencias previas, algunhas relativamente próximas no tempo, de naufraxios de petroleiros nas costas galegas, deu a sensación de que se trataba da primeira, cando un dos mantras da política rexional para a asistencia internacional en caso de desastres é, xustamente, que os países deben determinar en que grao son vulnerables aos mesmos e establecer medidas apropiadas para atenuar as súas consecuencias sobre as poboacións afectadas. Dez anos despois, no xuí-

zo do *Prestige*, escoitar as palabras do daquela máximo responsable político da xestión da crise e Delegado do Goberno en Galicia indicando que el non tiña capacidade ningunha para tomar decisións, “nin *auctoritas* nin *potestas*” segundo el, produce unha sensación de fondo desacougo sobre o que podería acontecer de repetirse os feitos.

No outro lado da balanza estaría a masiva resposta de auxilio da sociedade civil, galega, española e, en menor medida, estranxeira, a *marea branca* froito da vaga de solidariedade que suscitou a catástrofe, capaz de superar a ocultación dos feitos e posterior ineptia na xestión das autoridades públicas galegas e españolas que, durante algún tempo, extremadamente valioso en casos de crise, estiveron ata enfrontadas sobre a quen lle correspondería a responsabilidade desa xestión, trunfando o menos lóxico, o máis distante e, xa que logo, descoñecedor da realidade próxima da impareable marea negra provocada polo naufraxio. Ata os subvencionados medios de comunicación galegos fixéronse, nos primeiros intres, altofalantes fieis da indignación popular. Non corresponde nesta nota analizar as evidentes consecuencias políticas que obraron os despropósitos das primeiras semanas da catástrofe e que se manifestaron algún tempo despois, pero si cómpre deixar anotada a súa existencia como aviso para navegantes, aínda que esta sexa unha paupérrima motivación para un responsable público que de verdade o sexa: que unha fortaleza electoral pola súa tentacular implantación social perda sete puntos porcentuais de apoio debería facer reflexionar sobre a suposta abulia da sociedade civil galega coas decisións dos seus representantes político-democráticos. Tampouco cómpre agora analizar outro elemento do, louvado pola súa grande descentraliza-

ción, modelo organizativo-territorial español que evidenciou a crise: a enorme disfuncionalidade competencial existente que pode chegar a facer inoperantes todos os medios técnicos dos que se dispoña para afrontala, fose esta cal for.

Polo contexto brevemente descrito pode con facilidade entenderse que Galicia perdeu as oportunidades que, nesta catástrofe, poderían servir como paliativos. Foi posta no foco dunha opinión pública mundial cada día máis sensibilizada cun medio natural que debe ser obxecto de xestión global xa que non existen compartimentos estancos soberanos para a súa protección. Pero, ¿como pode haber diplomacia do desastre se non se recoñece que hai desastre por parte do principal afectado e contra toda evidencia? Terceiros países tamén prexudicados polo verquido como Francia ou Portugal expresaron publicamente as súas protestas por como canalizaran as autoridades españolas a crise, mentres que aquí foi sistemática a elusión de calquera mínima responsabilidade que non fose allea (do capitán, do armador, dos inspectores do buque, etc.) e a prensa maioritaria en Galicia abandonou prontamente as súas posicións iniciais de conciencia crítica xa que, a estes efectos, si funcionou o plano de continxencias improvisado do Goberno como se está a desvelar parcialmente, cando escribimos estas liñas,

nas sesións do xuízo que se está celebrando.

Partindo destas bases, pode facilmente entenderse que, malia que os efectos dun sinistro deste calibre duran moito tempo, non se empregaron os elementos da diplomacia dos desastres que permitiría aumentar a visibilidade de Galicia a nivel internacional e, xa que logo, unha prolongación da axuda aínda que fose mediante intanxibles (por exemplo, coñecemento das magníficas paisaxes costeiras do país para fomentar o turismo, apelación aos bos sentimentos da xente...), pero o principal problema posiblemente radique, na nosa opinión, en que as autoridades galegas renunciaron hai dez anos e seguen a renunciar agora a ter un mínimo protagonismo de marca, a ser suxeito ou actor político diferenciado de España cando convén ao interese galego e aínda que non se crea niso, cara a incrementar esa visibilidade da que falamos e suscitar interese en públicos amplos aos que non se podería pensar en chegar, por poñer un exemplo, cunha simple campaña publicitaria por custosa que esta resultase. Resumidamente, Galicia ou os seus responsables, non foi quen de transformar o desastre do *Prestige* nunha oportunidade para significarse a nivel global porque non soubo pero, sobre todo, porque non quixo; e moito nos tememos que isto non mudou nos dez últimos anos.

Beatriz González Loroño

O Gaiás, unha plataforma para internacionalizar a cultura

A internacionalización preséntase como o gran desafío que o sector cultural galego debe afrontar nos vindeiros anos e no que a Cidade da Cultura de Galicia está chamada a xogar un papel decisivo como plataforma con capacidade para potenciar no exterior aos nosos creativos e industrias culturais.

Na apertura a novos mercados non só está a garantía de crecemento do sector cultural. Este obxectivo encerra un reto de país: a internacionalización da cultura galega supón traballar polo noso coñecemento máis alá das nosas fronteiras, un proxecto que debe considerarse como unha meta conxunta e transversal, xa que dos seus resultados beneficiarase a consolidación da “marca Galicia”, coas correspondentes consecuencias para sector empresarial, actividade turística, etc.

Nun momento de transformación, marcado polas coordenadas da globalización e pola falta de recursos derivados da crise económica, Galicia debe apostar por unha “economía creativa”, baseada no coñecemento e na innovación, unha sociedade no que a cultura aparece como factor de desenvolvemento social e económico, como fonte de riqueza e de emprego.

Folla de ruta para a apertura exterior

O Plan Gaiás, documento estratéxico que fixa a “folla de ruta” da Cidade da Cultura de Galicia no período 2013-2018 e que foi aprobado en xuño de 2012, establece a internacionalización da cultura galega como un dos obxectivos prioritarios dentro da misión deste complexo cultural.

Neste documento estratéxico, apóstase por aproveitar as vantaxes competitivas de Galicia como territorio con conexións privilexiadas, pola proximidade a Latinoamérica, a Portugal e o resto dos países lusófonos e aos chamados “países celtas” da franxa atlántica europea, ademais da súa natureza de territorio español, conectando polo tanto ás ricas culturas do Mediterráneo e do sur de España.

No desenvolvemento do Plan Gaiás, a Cidade da Cultura de Galicia está a traballar dando pasos nesta dirección cunha programación cultural que ten na apertura ao exterior unha das súas grandes referencias e que, precisamente, este ano 2013 avanzará a través de accións que procuran a vinculación do Gaiás con institucións internacionais de prestixio, abrindo espazos e canles para o intercambio, para a colaboración e para a difusión das nosas expresións culturais.

Creemos tamén que a Cidade da Cultura debe converterse nun espazo de referencia para a formación dos nosos xestores culturais o que implica dar resposta ás esixencias formativas que se precisan no mercado actual, competencias entre as que se atopa, sen dúbida, a cualificación para operar nun contexto internacional.

Deste xeito, a Cidade da Cultura organizou en 2011 e 2012 o Foro Internacional de Espazos para a Cultura (FIEC), que concentrou a expertos de institucións como o MoMA, o British Museum, o Smithsonian, a Tate ou o Pompidou. Con iniciativas deste xeito, o Gaiás aposta pola

necesidade de establecer relacións con centros culturais para promover o intercambio de experiencias e a aprendizaxe mutua.

Do mesmo xeito, a apertura co exterior debe comezar polos nosos veciños, buscando a cooperación en proxectos conxuntos. Deste xeito, a Cidade da Cultura traballou con 21 institucións culturais lusas na organización da exposición “Gallaecia Petrea”, coa que se inaugurou o Museo Centro Gaiás, e mesmo se organizou a “Semana de Portugal”, con actos lúdicos e académicos. No ano 2013, a Cidade da Cultura presentará novos proxectos expositivos da man de coñecidas institucións culturais internacionais, neste obxectivo de abrir os espazos ás influencias exteriores.

Internacionalizar á música

No eido musical, o Museo Centro Gaiás acollerá este ano por segunda vez o Galician Connection, un encontro ao redor da *world music* cun concepto baseado nas conexións con culturas de diferentes continentes e na creación dun marco de colaboración entre creadores que potencie o coñecemento mutuo e a posta en marcha de proxectos conxuntos. Artistas como a galega Cristina Pato, o cubano Paquito D’Rivera, o arxentino Emillo Solla, ou o indio Sandeep Das conviviron durante o ano pasado no Museo compartindo experiencias xunto a medio cento de músicos galegos.

O 2012 foi tamén o ano no que o Gaiás apostou por ocupar un espazo no circuío de grandes concertos internacionais, coa organi-

zación da única actuación da artista islandesa Björk en España e Portugal.

A internacionalización estará tamén presente na busca de talentos e na aposta polos talentos emerxentes, a través do Encontro de Artistas Novos, cita que cada ano reúne no mes de setembro no Gaiás a un centenar de novos creadores que conviven con artistas xa consolidados para reflexionar sobre a arte contemporánea. Na edición de 2013 esta cita prestará especial atención a Latinoamérica, reservando un espazo protagonista para os artistas desas latitudes.

WOMEX, Santiago 2014

Nesta aposta pola internacionalización da cultura galega, a Cidade da Cultura acollerá no ano 2014 o WOMEX, a feira de “*word music*” máis importante do mundo. O complexo de Gaiás, integrado dentro da candidatura de Santiago de Compostela, acollerá a *trade fair* o máis coñecido como *WOMEX day*, a parte comercial deste evento. Os concertos terán lugar na zona vella de Santiago.

O 2013 –terceiro ano de apertura ao público do complexo do Gaiás– será, polo tanto, o exercicio no que a internacionalización consolidarase como “modus operandi” da Cidade da Cultura. Somos conscientes de que os tempos e esforzos que requiren os procesos de posicionamento internacional non son curtos, pero tamén de que este non é un obxectivo circunstancial, senón un compromiso prioritario para facer da Cidade da Cultura o dinamizador do sector cultural precisa.

Anselmo Seoane

25 anos do Programa Erasmus

Nun cuarto de século, o tempo dunha xeración, o programa Erasmus cambiou o xeito de estudar en Europa. En 1987, ano en que se lanzou, 3.244 estudantes realizaron parte dos seus estudos nun dos once países que participaron inicialmente no programa. Vinte e cinco anos despois, preto de tres millóns de estudantes europeos estiveron de intercambio nos diferentes países da Unión Europea; isto converte a este programa no máis frutífero do mundo en mobilidade, sendo España o país que máis estudantes envía e recibe dentro de Erasmus.

A mobilidade é o centro e foco da estratexia da Comisión Europea para combater o desemprego, é a **característica destacada na estratexia “Europa 2020”** para o crecemento e o traballo, e é o buque insignia da iniciativa “Youth on The Move” (Mocidade en Movemento).

Recordemos brevemente que o programa debe o seu nome Erasmus (European Region Action Scheme for the Mobility of University Students) a Erasmo de Rotterdam (1465- 1536), gran humanista, filósofo e teólogo neerlandés, coñecido **opoñente ao “dogmatismo”** e realmente precursor das becas de mobilidade xa que deixou toda a súa fortuna á Universidade de Basilea, para axudar economicamente aos seus estudantes. Foi, sen dúbida, un dos máis destacados representantes do Renacemento europeo no seu tempo.

O programa Erasmus contribuíu ao enriquecemento persoal dos estudantes que puideron gozar del. O valor engadido da experiencia Erasmus, máis aló dalgúns tópicos, mostra que pasar un período de estudos no estranxeiro non só enriquece a vida desde un punto de vista

académico e profesional, senón que mellora a aprendizaxe de idiomas, aumenta a aptitude intercultural, mellora a autoconfianza, etcétera. A experiencia Erasmus dá aos estudantes un sentido mellor do que significa ser cidadán europeo. Adicionalmente e moi importante, algunhas empresas valoran enormemente a realización dunha estancia no estranxeiro, o que aumenta as perspectivas de traballo. Sinalemos neste punto a iniciativa única en Europa, de “Recruiting Erasmus”, posta en marcha por unha empresa española coa colaboración de 17 grandes empresas, que facilita o emprego a mozos licenciados que gozaron da experiencia Erasmus. Similares efectos cúmprense nos intercambios de profesionais, e en menor medida benefician ás institucións que participan.

Nos pasados vinte e cinco anos o Programa Erasmus tivo un incremento constante no número de mobilidades, pero ademais creceron a calidade e a diversidade das actividades propostas. Desde o ano 2007 as prácticas en empresas europeas foron financiadas por este programa, chegando a unha cantidade de beneficiarios próximos aos 150.000 estudantes. Profesores e outros traballadores da administración poden beneficiarse igualmente destes programas de mobilidade. Igualmente, Erasmus é un programa que contempla a axuda en proxectos transnacionais e redes temáticas.

A contribución do programa Erasmus á internacionalización das Universidades europeas foi fundamental. Este programa colocou os cimentos do chamado Proceso de Bolonia. Este proceso de colaboración comezou en 1999 co obxectivo de crear o “Espazo Europeo de Educación Superior” (EHEA), tratando de harmonizar os estudos europeos e incrementar a compatibilidade dos diferentes sistemas de educación en Europa. O obxectivo deste proceso é que no

ano 2020, polo menos un 20% de todos os graduados europeos pase un período de estudos no estranxeiro. Convén sinalar, con todo, que este proceso de harmonización presenta grandes dificultades.

Maioritariamente, os países europeos adoptaron o sistema chamado L-M-D (licenciatura, mestrado, doutorado) cunha duración de 3+2+2 cursos; con todo, actualmente, aquí optouse pola reforma do grado a catro anos e un mestrado dun a dous cursos máis. Esta desharmonización dificultará seguramente a mobilidade dos nosos estudantes no futuro próximo.

Comentemos brevemente algúns datos actuais no referente á mobilidade. No curso 2010/2011 o programa moveu aproximadamente a 231.000 estudantes, un 8,5% máis que no curso anterior. A beca media europea foi de 250 €/mes, lixeiramente inferior aos cursos anteriores e con perspectivas negativas. Os países que máis alumnos enviaron de intercambio foron España (36.000), Francia (31.000) e Alemaña (30.000). De igual xeito, estes tres países son os que reciben un maior número de estudantes, sinalando que España recibe 37.500 estudantes, número maior que o de estudantes enviados.

Se nos fixamos no caso de Galicia, o número de estudantes galegos que realizaron unha estancia no estranxeiro durante o curso 2010/2011 foi de 1.856. Podemos preguntarnos se son moitos ou poucos. Se atendemos á relación entre estudantes de mobilidade e a poboación de estudantes matriculados, esta é do 2,67%, situándose a media española no 2,13%. A media europea nese curso situouse no 0,96%. A cifra é realmente baixa se a comparamos coa prevista para o ano 2020, do 20%. O futuro tampouco permite ser moi optimista dada a actual situación económica; de feito para o próximo curso xa se sabe que haberá

unha diminución económica significativa nos orzamentos do estado no que respecta ao Programa Erasmus.

Erasmus para todos: o futuro

Europa suscítase reformular o programa Erasmus nos próximos anos para mellorar a súa eficiencia, optimizar recursos e fomentar a cooperación entre os diferentes sectores educativos que se acollen a estas iniciativas de mobilidade. A idea é facer un único programa integrado (single integrated programme) que coordine conxuntamente a mobilidade de docentes e alumnos tanto universitarios como de formación profesional, ademais de unificar e potenciar a colaboración entre universidades, educación secundaria, formación de adultos e FP. Todas estas becas se xestionarán baixo un mesmo paraugas.

O novo “Erasmus para todos” proposto en novembro do 2011, será un novo tipo de Erasmus articulado en base a tres eixes: a mobilidade, a cooperación e a innovación. O seu obxectivo prioritario será aumentar o valor do investimento europeo co fomento de consorcios e colaboracións. Outro dos obxectivos será o de fortalecer a unión entre as medidas de reforma dos diversos sistemas educativos e de financiamento, simplificar os instrumentos xurídicos e impulsar a sostibilidade no impacto das reformas.

Para todo iso, en principio, a CE anunciou un incremento do 70% no orzamento de Educación para os próximos sete anos, 2014 a 2020. Este orzamento debe ser confirmado nestes días; de ser así non hai perigo de que o Programa Erasmus desapareza ou diminúa significativamente. Os desacordos recentes no que respecta ao financiamento do Programa Erasmus, tiveron a vantaxe de que todo o mundo deuse

conta de ata que punto aos cidadáns europeos interésalles ter un programa de intercambio. A partir de aquí, a Comisión Europea puxo sobre a mesa aumentar a partida de educación un 70% cun investimento de 19.000 millóns de euros, o que reforzará o Programa Erasmus que se pretende que concentre todos os proxectos de mobilidade.

Por que necesitamos un novo enfoque europeo para a educación e a formación? O mundo era diferente cando se crearon os programas de mobilidade que existen hoxe en día. Actualmente estamos experimentando un dos períodos máis revoltos do noso tempo. A UE respondeu cunha estratexia coordinada chamada “Europa 2020” na que a educación e a formación son unha parte esencial.

O mercado laboral europeo tamén está cambiando. O número de traballos de alta cualificación está aumentando. Estímase que en 2020 case o 35% dos traballos requirirán altas cualificacións, capacidade de innovación e habilidade de adaptación. “Erasmus para todos” pode axudar a que as persoas adquiran boas

destrezas a través de oportunidades de estudar e formarse no estranxeiro.

O outro obxectivo é reducir o abandono escolar dun 14% a un 10%. Para contribuír a leste reto, “Erasmus para todos” apoiará a modernización en todos os niveis educativos, incluíndo a F.P. A aprendizaxe non formal verase apoiada a través de intercambios de mozos e voluntariado.

“Erasmus para todos” axudará aos mozos a adquirir formación e destrezas que aumenten o seu desenvolvemento persoal e as súas perspectivas de traballo. Hai estudos que corroboran que os estudantes que pasan parte dos seus estudos no estranxeiro teñen máis posibilidades de conseguir un traballo.

Sinalemos finalmente que aínda que o financiamento é importante, non só o diñeiro é esencial para levar a cabo unha oportunidade realista de mobilidade. Este aspecto require un esforzo común e novas asociacións. Parte deste esforzo será para mellorar a dispoñibilidade de información, asegurar axudas e préstamos e para mellorar o recoñecemento dos resultados académicos.

Xosé Ramón Boán González

Galiza na lusofonía sindical

A partir da década dos anos 80 do século pasado comeza, especialmente no Brasil, un forte proceso para aproveitar as sinerxías derivadas da existencia de diversos Estados en África, América e Europa que comparten unha lingua oficial común. Este proceso acabará cristalizando en 1989 en Brasil co “Primeiro Encontro de Xefes de Estado e de Goberno dos Países de Lingua Portuguesa” no que se decide crear o “*Instituto Internacional da Lingua Portuguesa – IELP*” con sede en Cabo Verde e máis tarde, no 1996, coa fundación en Lisboa da “*Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa - CPLP*” formada por Portugal e aqueles estados que un día foron as súas colonias: Angola, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mozambique, Sao Tomé e Príncipe. No 2002 o Timor Oriental conquista a súa independencia, integrándose inmediatamente na CPLP.

É neste contexto que, en 1998, se pon en marcha a *Comunidade Sindical dos Países de Lingua Portuguesa – CSPLP*, iniciativa que non constituía especial novidade organizativa no mundo do traballo pois unha internacional sindical anglófona e outra francófona viñan funcionando desde bastantes anos atrás.

Os obxectivos da CSPLP están nidiamente expostos nos seus Estatutos, sendo de destacar: crear un espazo de diálogo e intercambio de información; promover accións de cooperación entre as organizacións membros; reforzar a capacidade de intervención do movemento sindical lusófono nos niveis nacionais e internacional; definir liñas de orientación comúns capaces de influenciar as políticas da CPLP; promover o desenvolvemento económico e social.

Nos últimos anos, a CSPLP ten traballado intensamente impulsando temas como a creación dun Consello Económico e Social de ámbito lusófono ou a promulgación do Estatuto do Cidadán Lusófono.

No mes de xullo de 2012 tivo lugar en Maputo, capital de Mozambique, o VI Congreso da “*Comunidade Sindical dos Países de Lingua Portuguesa – CSPLP*”. Entre outros moitos, tomouse o acordo de mudar o estatus de integración da Confederación Intersindical Galega – CIG, pasando de membro observador a membro efectivo ou de pleno dereito. Na votación abstivéronse dúas organizacións, votando afirmativamente todas as demais.

Pechábase así con éxito un dos obxectivos prioritarios da CIG no ámbito organizativo internacional - a afiliación plena na CSPLP -, aspiración reiteradamente expresada mediante resolucións específicas nos tres últimos congresos confederais

Remataba un logo proceso, iniciado o mesmo ano da creación da CSPLP que, nos seus aspectos formais podemos acoutar en varias momentos: petición de participación no congreso fundacional de Lisboa en 1998, solicitude oficial de filiación en 2012, admisión como “observador convidado” no congreso de Maputo en 2002, “membro observador” no congreso de Bissau en 2004 e, finalmente, “membro efectivo” en 2012.

Nun primeiro momento, unicamente as organizacións sindicais de ámbito estatal podían ser membros “efectivos”. Unha modificación estatutaria aprobada no V congreso celebrado en Luanda en 2010 eliminou esta condición,

abrindo así a porta á aceptación da CIG como membro de pleno dereito.

Na actualidade, a CSPLP está integrada por 17 membros efectivos (2 de Angola, 3 do Brasil, 2 de Cabo Verde, 1 da Galiza, 2 de Guinea-Bissau, 2 de Mozambique, 2 de Portugal, 2 de San Tomé e Príncipe, 1 de Timor Leste) e 1 membro observador (Macao). Outras dúas centrais sindicais do Brasil, ao igual que as polas galegas de CCOO e UGT, teñen presentado os respectivos pedidos de afiliación que, de seren aceptados e ratificados polo VII Congreso a celebrar en 2014, elevaría a 22 o número de organizacións membros.

A CSPLP impulsa tamén a creación de internacionais sindicais sectoriais. Polo de agora a única creada e funcionando é a do ensino, contando a CIG-Ensino entre os seus membros.

A lingua galega é o signo externo máis evidente da nosa identidade nacional. Séculos de dominación política, económica e cultural non conseguiron facela desaparecer, aínda que é facilmente constatábel que non se atopa no mellor momento da súa historia, estando sometida, a unha política institucional sistemática dirixida á súa aniquilación como idioma de comunicación social.

É evidente que a preocupación pola lingua galega é unha das razóns que levaron á CIG no 1998 a pedir a entrada na CSPLP, organización que, segundo unha resolución aprobada no noso III Congreso, *“agrupa á maior parte das Centrais Sindicais dos diferentes países de expresión lingüística no tronco común galego-portugués, en calquera das súas variantes... De aí que valoremos moi positivamente, a existencia dunha plataforma como a CPLP-sindical e a nosa participación nela, por canto esta plataforma reforza o noso papel como Central Sindical no escenario internacional, a través dun factor*

crucial da nosa identidade nacional como é a lingua”.

A lusofonía ten, certamente, unha clara connotación idiomática, mais sería un erro conceptual grave limitala ao ámbito estritamente lingüístico, xa que o proceso de institucionalización no plano internacional da lusofonía lingüística (IELP) e política (CPLP) está a xerar numerosas iniciativas no sentido da creación de un espazo asociativo lusófono de alcance mundial en áreas tan diversas como cultura, cooperación, deporte, ciencia, empresa, saúde, educación, universidade...

O ámbito lusófono debería ser, un dos espazos naturais e preferentes de actuación para as organizacións que defenden a identidade lingüística, cultural e política de Galiza. En todo esa rede que se está a tecer, a CIG é – infelizmente – un elemento exótico. En efecto, é a única organización galega formalmente integrada nese entramado asociativo que deu os seus primeiros pasos hai 24 anos.

No Consello de Ministros celebrado en Luanda ano 2005, a CPLP criou a figura de Observador Consultivo. Ese feito actuou como catalizador e desde entón numerosas organizacións de implantación nacional ou internacional se adheriron á CPLP como membros observadores consultivos. A adhesión pode facerse directamente ou – indirectamente – formando parte dunha organización supranacional. Ningunha delas, agás a CIG, é galega.

A creación, tamén ese mesmo ano, da figura de Observador Asociado, abriu a porta para que Galiza como entidade política, en canto que “territorio lusófono pertencente a un terceiro estado” puidese ingresar na CPLP mediante acordo cos Estados-Membros.

Numerosas entidades galegas - universidades, colexios profesionais, organizacións empre-

sariais, asociacións de moi diversos intereses e obxectivos... – teñen no mundo lusófono un

inmenso campo de traballo. É cuestión de vontade, de esforzo e de perseveranza.

Daniel González Palau

Quince anos do Fondo Galego

No ano 1997 un grupo de 10 Concellos encabezados por Nigrán, Allariz e Oleiros, entre outros, rexistraban ante a Xunta de Galicia unha asociación de Concellos distinta do común; o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que nacía para concentrar esforzos en materia de cooperación internacional local galega.

A rareza do Fondo como asociación partía sobre todo da forma e a capacidade de crear sinerxías interadministrativas e partidistas, máis alá tamén dos principios, xa que desa asociación facía parte tamén o Igadi, un instituto comprometido coa reflexión e acción exterior desde unha Galicia entendida como célula de universalidade (independente e privado).

O Fondo naceu naquela altura coa inercia do movemento asociativo en torno ás ONG e a lenda e apoio social ao 0,7%. En canto a calendarios cómpre sinalar que no 1995 nacera xa a Coordinadora Galega de ONGD, que daba conta da organización dun fenómeno social crecente durante os anos 90, xa ven en forma de ONGD, irmandamentos ou apadriñamentos masivos como novo fenómeno dentro da cooperación (e a súa presenza nos medios de comunicación de masas).

Desde o comezo e ata agora o Fondo Galego foi dos Concellos, contando co apoio da Fegamp, medrando ano a ano ata chegar aos 106 socios no 2009, incluíndo ás Deputacións e construíndo tamén coa Xunta de Galicia unha alianza estratéxica á hora de armar un sistema galego de cooperación real, dentro e fóra da Comunidade Autónoma.

Indispensable sería sinalar que o Fondo naceu co apoio explícito da Xunta e a Presiden-

cia da época, que no ritmo dos tempos (globalización, Internet, S.XXI) e na xenética propia innegable de Galicia como suxeito político diferenciado (ben por lingua, ben por historia, ben por mitoloxías, ben por emigración, ben por xeografía e clima...) impulsou e apoiou no Parlamento a aprobación por unanimidade de impulsos normativos favorecedores da cooperación internacional ao desenvolvemento.

Nos tres lustros transcorridos, o Fondo Galego deulle contido estratéxico a esa cooperación ligándoa á acción exterior, particularmente priorizando a cooperación con países de lingua portuguesa, nomeadamente no caso de Cabo Verde, nas estratexias conxuntas coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos.

Así as cousas e diante das urxencias da crise, o balance dos 15 anos de vida do Fondo indica que foi quen de consolidarse como unha das pezas máis estables do sistema de cooperación e unha das estruturas de referencia da acción exterior de Galicia, enraizando a cooperación local galega en Cabo Verde, Nicaragua e Cuba, en proxectos específicos e continuados (xa ben de maneira directa, como aqueles financiados a través de ONGDs), que teñen colaborado para mellorar o nivel de vida mínimo de centos de comunidades e decenas de miles de persoas, condenados á pobreza por unhas relacións internacionais inxustas.

Destas relacións de cooperación cómpre destacar que apoiamos economicamente e participamos de maneira especial en procesos e proxectos para facer realidade o dereito a auga, a vivenda, cun desenvolvemento rural ecolóxico ou a igualdade de xénero. Desta maneira o

Fondo fixo parte desde o poder local galego da estratexia mundial dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, como axenda inmediata dos Dereitos Humanos como proceso mundial de construción da paz.

No acto de conmemoración do 15 aniversario presentouse un documental sobre a historia do Fondo, que visibiliza estes resultados e o propio éxito organizativo rexistrado aquí, en Galicia, por medio da Rede Municipalista Solidaria (o motor organizativo da asociación), a rede de representantes técnicos e políticos que dan vida á entidade dentro dos Concellos socios, incorporando á vida municipal actividades de reflexión e promoción desa cultura universalista de defensa dos Dereitos Humanos.

Durante 2012 grazas a este modelo en rede, de forma, traballo e organización, organizáronse máis de 80 actividades en 60 Concellos socios ao redor da conmemoración dos 15 anos de vida. Xa ben espectáculos teatrais, exposicións, charlas ou ciclos de cine, dispoñibles para as actividades do propio Concello, a comunidade educativa e o tecido asociativo local, e que involucraron durante o ano a miles e miles de persoas, xa ben nos colexios e IES, nas Casas da Cultura, os auditorios municipais ou nas propias dependencias municipais e provinciais.

Os textos técnicos do sector da Unión Europea identifican, 15 anos despois, ao Fondo Galego como un aliado entre autoridades locais galegas e sociedade civil, dándolle a categoría de experimentada, o que levou ao Fondo a presentar a súa experiencia a Concellos portugueses e alemáns durante o 2011 e 2012.

No exercicio 2012 o Fondo insistiu en reflexionar, (coma se dun *mantra* se trata-

ra) sobre os 15 anos de vida da asociación, como un proceso aberto de política pública de adscrición voluntaria, cooperativa e transpartidaria, que debe ser entendida como unha institución máis da Autonomía, por desenvolvemento institucional, contido e pertinencia no S.XXI.

Diante da crise económica, que agudiza as reestruturacións de gasto e as recentralizacións territoriais do Estado, defendermos a cooperación descentralizada galega é apostar por un espazo de acción política como galegos no mundo con guión propio. Agora que desaparecen outras cooperación autónomas, sermos conscientes da pertinencia como galeg@s de defender as nosas estruturas de acción exterior será fundamental para dispor, como célula de universalidade, dun camiño propio neste século tan veloz. Cando se fala de desbalde, duplicidades e malgasto, é fundamental separar a palla do grao, máis nun Estado recoñecido coma *plurinacional*.

O sistema de cotas mínimas e a filosofía de acción que a historia nos deixa, presenta unha asociación que loita contra os minifundismos clásicos e as ineficiencias de sempre. Este éxito organizativo, único no municipalismo galego (a súa maior rede sectorial), é espello do futuro necesario en canto cooperación e colaboración interadministrativa e interinstitucional, máis alá dos debates sobre as utilidades dos modelos de *xestión público/privada*, que a nosa asociación exerce desde a súa fundación, pioneira na xestión compartida de intereses exteriores comúns. Algo tan simple témolo diante dos nosos ollos, pero cóntanse a milleiros os cegos que non o ven.

Victorino Pérez Prieto

A acción exterior da Igrexa galega

A Igrexa, galega, outrora importante no panorama do Estado español e no panorama internacional, está en horas baixas; a pesar da importancia que ten, ou debería ter, dentro da Igrexa, ao ser Compostela un dos tres grandes centros de peregrinación da Igrexa Católica e lugar visitado polos dous últimos papas. A galega foi unha Igrexa relevante con Xelmírez, pero logo veu a menos coa mesma Galiza pola “doma e castración do Reino de Galicia” imposta polos chamados “Reis Católicos”. No século XX volveu ocupar un papel relevante, sobre todo con figuras como o cardeal compostelán Quiroga Palacios; pero tras el volveu quedar relegada. Desde que no ano 1969 o cardeal Quiroga Palacios, primeiro presidente da Conferencia Episcopal Española (a “patronal” dos bispos), deixou o seu cargo tras cumprir o primeiro trienio desta organización nacida do Concilio Vaticano II, ningún outro arcebispo ou bispo que exercese en Galicia foi elixido nin para presidir o órgano, nin para a secretaría xeral, nin mesmo calquera outro cargo relevante nela. Aínda que dous ex-arcebispos de Compostela foran nomeados presidentes como titulares da arquidiocese de Madrid: Angel Suquía e Antonio Rouco Varela; este último é, como se sabe, galego. Sen dúbida, isto ten que ver co peso da acción exterior da Igrexa galega, aínda que esta acción está inserida no contexto xeral da Igrexa Católica actual.

A nivel dos medios de comunicación, a imaxe da Igrexa galega e da mesma Galiza no mundo está asociada a Santiago, ao Xacobeo, á Catedral... pero, posiblemente, a Igrexa como

tal vese dissociada da acción exterior de Galiza; ignorando, mesmo, se conta cunha acción exterior específica. Pero verbo desta realidade, compre falar, máis que dunha acción exterior política ou social relevante, da súa acción evangelizadora e en relación coa atención á emigración galega; importantes en tempos, pero moito menos nas últimas décadas, aínda que actualmente non desapareceu de todo. Por iso, compre falar de dúas fronteas fundamentais de acción da Igrexa galega no exterior:

A) A acción en América Latina. Está representada polo envío de misioneiros a países de tradición cristiá, pero con carencia de sacerdotes. Os curas galegos, xunto con outros moitos de distintas zonas de España, estiveron presentes en Latinoamérica sobre todo nos anos 60-80, á fronte de parroquias e comunidades, pero tamén desenvolveron unha importante acción educativa en seminarios e centros da Igrexa. Estes galegos, xunto co restos dos españois ían maiormente cunha boa preparación previa, recibida na OCSHA (Organización Católica Sacerdotal Hispano Americana) e no IEME (Instituto Español de Misiones Extranjeras).

Tal como me conta Ezequiel Allut (cura da diocese de Santiago que foi misioneiro en Popayán-Colombia), foron aló animados pola perspectiva misioneira da Igrexa: “Descubrimos a riqueza da misión, vívese con máis responsabilidade a propia fe”. É algo que contan a maioría dos curas galegos que estiveron en misión aló; como é o caso de Xulio Lois, coñecido teólogo da liberación recentemente finado, que botou varios anos en Bolivia na diocese de

Cochabamba, ata que debeu volver a España por problemas políticos; como el, algúns curas estiveron moi comprometidos nos procesos de liberación. Foi o caso de Miguel Sotelo, cura ourensán que estivo primeiro en Venezuela, logo en Bolivia e en Colombia, e finalmente no Brasil; soubo inserirse nas comunidades de base e nas loitas dos pobres (os “sen terra”, os indios...), traballou como cura obreiro cos mineiros... Pero outra parte importante dos curas galegos en América latina cumpriron un papel tradicional, ben distinto deste. Manolo Rodicio, outro cura ourensán que leva anos no Ecuador facendo un loable labor educativo e pastoral, dime que actualmente, os curas galegos e españois en América Latina son “unha especie en extinción”, mesmo desprazados en parte pola irrupción de outras igrexas evanxélicas. Hoxe, esta acción da Igrexa galega é moi reducida, quedando só algúns curas en Ecuador, Colombia, Chile ou Brasil. Con todo, recentemente, un destes curas galegos, tamén de Ourense, Julio Parrilla, foi nomeado bispo da diocese ecuatoriana de Riobamba.

B) A acción na emigración galega centroeuropea. Esta acción foi sobre todo en Alemaña, Francia, Holanda, Bélxica, Suíza, Austria... O labor aquí foi de acompañamento dos emigrantes galegos e españois desde os anos 60. O labor da Igrexa galega foi particularmente importante nesta emigración, porque o meirande continxente de emigrantes españois eran os galegos, xunto cos andaluces e estremeños.

Como me conta Ramón Suárez Vilar (cura da diocese de Santiago, que foi capelán de emigrantes en Hamburgo entre 1962-2008), os capeláns galegos buscaron acompañar maiormente ese mundo do traballo que ía en situación moi precaria, con baixo nivel cultural, sen coñe-

cer o idioma do país... Os curas e as parroquias galegas/españolas buscaron en todo momento ter unha “atención integral á persoa”; dando servizos na busca de casa e ubicación familiar, creando núcleos de referencia, axudándolles cos contratos de traballo, a aprender o idioma, etc. Ademais de “evanxelizar” (anuncio do Evanxeo), tentaron ser unha instancia “profética”, no senso bíblico da denuncia da inxustiza; é dicir, unha instancia crítica no seo da sociedade, reivindicando os dereitos dos traballadores en colaboración cos sindicatos e outras instancias sociais. Para iso contaron coa boa colaboración da Igrexa alemá, belga, francesa... sobre todo a través de Cáritas nacional e internacional. Os capeláns galegos están perfectamente integrados cos españois e doutras zonas de Europa (polacos, húngaros...) e Asia, e teñen unha boa relación coa xerarquía local; mesmo chegaron a facer unha confederación europea. A chegada dos nenos coa segunda e terceira xeración, supuxo unha particular atención á educación; o que os levou a crear escolas católicas, que acabaron sendo moi respectadas polas autoridades municipais e políticas pola súa calidade educativa. A identidade galega tentou manterse, aínda que con pouca atención á lingua, pois os mesmos emigrantes galegos, que en moitos casos viñan xa da emigración en Cataluña e Euzkadi, vían como máis importante un bo nivel na lingua española. Pero centros galegos potentes coma o de Hamburgo, manteñen a relación coa Terra, particularmente impulsada coa chegada da Xunta de Galicia, aínda que esta non fixera gran cousa.

Conclusión. A acción exterior da Igrexa galega realizouse e realízase fundamentalmente a través dos curas galegos en misións en América Latina (tamén hai algún integrado en congregacións misioneras como os Combonianos, en

África, ou Xesuítas en Asia...) e os curas galegos en capelanías de emigrantes en Centroeuropa. Non se pode esquecer falar dunha Igrexa progresista, Igrexa de base, de comunidades e pequenos grupos, con medios de expresión como as revistas *Irimia* e *Encrucillada* -con algúns conflitos de cando en vez coa xerarquía eclesiástica...- que teñen unha intensa relación con outros grupos do Estado español (actualmente participan activamente en "Redes cristianas"), e

con redes internacionais como "Somos Iglesia"- "We are Church (IMWAC)", "Iglesia en Libertad", etc., pequenos grupos, pero moi activos en Europa, Norteamérica e en todo o mundo, ben comunicados internacionalmente a través da Rede. Tanto os primeiros, vinculados coa xerarquía da Igrexa, como os últimos, que van máis por libre, teñen pouco eco nos medios e na sociedade, pero son, de feito, a única acción exterior da Igrexa galega.

Autores/as

Xosé Ramón Boán González

é responsable de relacións internacionais da Confederación Intersindical Galega.




Celso Cancela

é profesor de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Vigo.



Beatriz González Loroño

é directora xerente da Fundación Cidade da Cultura.




Daniel González Palau

é secretario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.



Xan López Facal

é economista.



Álvaro Xosé López Mira

é Doutor en Dereito Constitucional pola UNED e licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía. Profesor na Universidade de Vigo.

**Iago Martínez**


é xornalista.

**Luis Menéndez**

é xornalista e delegado para asuntos internacionais da FAPE (Federación Española de Asociacións de Xornalistas).

**Victorino Pérez Prieto**


é membro da Asociación de Teólogos Juan XXIII e significado autor dun traballo teolóxico e intelectual que goza de amplo recoñecemento.

**María Xosé Porteiro**

é xornalista e membro do Consello Reitor do IGADI.

**David Reinero**

é xornalista.



Anselmo Seoane

é profesor da Escola de Enxeñeiros de Telecomunicacións e director da Oficina de Relacións Internacionais da da Universidade de Vigo.

**Xulio Ríos**

é director do IGADI.

